- Deben estar moi presentes no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado. - Para conseguir máis significativade nas aprendizaxes do alumnado empregaremos estratexias que axuden a conseguilo seguindo os principios básicos da neuroeducación no que di que o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais. Isto irá acompañado de actividades que faciliten a capacidade de aprender do noso alumnado tales como rutinas de pensamento, esquemas visuais... - Nesta programación empregárase un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, buscando sempre que as persoas alumnas sexan as protagonistas activas das súas aprendizaxes. Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades. Para acadalo empregaremos unha organización espacial acorde que permita levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar. Destacarán os ambientes de aprendizaxe, recunchos, estacións de traballo... - O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumno se iniciará no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respetando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo. A metodoloxía partirá e terá en conta os principios de globalización, aprendizaxe significativa, afectividade, individualidade, socialización e o xogo como importante instrumento educativo, aprender a aprender, o neno/a como verdadeiro protagonista do ensino-aprendizaxe cunha metodoloxía activa. Os principios da intervención educativa ríxense dende unha perspectiva constructivista, onde a tarefa da maestra será a de ANDAMIAR aos seus alumnos cara as diferentes tarefas que lles permitan acadar os obxectivos que os encamiñen cara o saber ser, saber estar e aprender a aprender . Dende a Escola Nova, corrente que puxo a súa énfase no alumno, presupoñendo que a acción didáctica xiraba entorno á individualización (do traballo de cada alumno), a socialización, aprender facendo ou o que é o mesmo, en acción, por centros de interese e de xeito global , seguindo as teorías piagetianas das etapas do pensamento dos nenos, súmanse o aprendizaxe significativo, aquel para o cal fai falla tempo e varias actividades para que os esquemas vellos de coñecementos se asimilen os novos para que se provoque o reaxuste de asimilación e acomodación.

O día a día na aula será o reto de crear nos alumnos un conflito cognitivo.

Os principios que guían a nosa actuación serán:

1. Principio de actividade (traballo por rincóns, obradoiros, proxectos)
 2. Principio de vivenciar (no día a día e en calquera circunstancia)
 3. Principio lúdico (o xogo como factor que permite a estimulación do desenvolvemento intelectual do neno, facilitando procesos cognitivos básicos como a percepción, a atención e a memoria, e promovendo a motivación).
- Ademáis porque nesta etapa o simbolismo do xogo da moita información á mestra as vivencias e relación dos seus

alumnos.

4. Principio de globalización (xa que seguindo a Piaget e outros grandes do constructivismo, así como outras teorías psicolóxicas como a Gestalt, o neno percibe antes o todo que as parte. Esta metodoloxía permite ao neno observar, analizar , interpretar e descubrir o mundo)

5. Principio de creatividade (xa que será para o único que sabemos neste intre que formaremos ¿para un futuro onde ser creativo, ter capacidade resolutiva con eficacia, sen medos..sexa a demanda constante).

6. Principio de individualización (trátase de concebir ao alumno como un ser único e irrepertible, cas súas características intrínsecas, cas súas habilidades e carencias, ¿.A resposta educativa a cada un terá en conta isto).

7. Principio de socialización (a tarefa é conxunta entre familia, escola, e por suposto a sociedade. A comunicación entre familia e escola é vital para colaborar na percepción do progreso do neno/a).

8. Principio de personalización ou dirixida, co fin de sacar o mellor partido personal de cada alumno

9. Principio de normalización (aquela que se refire sobre todo ás dificultades de aprendizaxe). Máis que cara a inclusión é a normalización, o feito de que a escola dé resposta cos seus recursos materiais e humanos para atender as NEAEs dentro dun ambiente normalizado, sen etiquetas, ¿ que permita ao resto dos nenos ser xente solidaria con aqueles que máis o necesitan.

A) OS PROXECTOS Nesta aula de 3 anos, probarase a traballar por puntos de interese e proxectos.

Os puntos de interese suxeridos, de primeiras, adoitan ser o modo máis fácil dunha aproximación da mestra titora cara as características cognitivas e psicossocioafectivas . Obxectivos nos proxectos e puntos de interese : - Favorecer nos nenos/as o desenvolvemento dunha personalidade autónoma, participativa e creativa, capaz de disfrutar, de elixir e de tomar decisións. - Facer aos alumnos protagonistas do proceso de aprendizaxe, facilitando a participación de todos na elección e realización de actividades, na toma de decisións na aula, etc. - Impulsar a exploración e comprensión do mundo que lles rodea, accionando sobre os obxectos e espazos. - Posibilitar a construción de aprendizaxes significativas e duradeiras, partindo dos seus intereses e necesidades. - Estimular a capacidade de observación en xeral, posibilitando que expresen os seus sentimentos e pensamentos a través das súas manifestacións e producións artísticas. O proceso a seguir para preparar os proxectos constará dos pasos seguintes: - Presentación do proxecto/ punto de interese. - Valoración. Nunha primeira asemblea, determinaranse os aspectos xa coñecidos polo alumnado (coñecementos previos), e recolleranse todas aquelas preguntas ás que se queira dar resposta ao longo do desenvolvemento do proxecto. - Determinación de obxectivos que expresen as metas máis importantes a acadar. - Selección e organización de contidos. - Programación de actividades. Teranse en conta actividades dos tipos seguintes: previas, iniciais, xerais, psicomotrices e sensoriais, emocionais, matemático-vivenciais, plásticas, artístico expresivas e musicais, naturais e experienciais, de linguaxe oral e escrita e representativa, de lóxica- matemática, de recapitulación ¿de autoavaliación dos coñecementos adquiridos, funcións executivas, psicosociais, . - Elaboración dun listado de distintos recursos educativos relacionados co tema a tratar: cancións, audicións, poesías, adiviñas, libros de consulta, libros de contos, xogos, obras de arte...

- Habilitación dun espazo na aula para organizar a información e material recollido e adaptación dos recunchos habituais para incluír actividades relacionadas co proxecto (recuncho do proxecto ou experiencial). - Habilitar un espazo de lectura e un recuncho de volta á calma ao lado das fiestras a poder ser. - Un recuncho sensorial e motriz - Ambientación, limitada, da aula en función do tema a traballar. - Temporalización: da cal xa falamos en epígrafes anteriores. Tamén quedará a aberta a posibilidade de xestionar puntos de interese do propio alumnado ou mini proxectos, en función das necesidades do grupo clase ou dalgunha casualidade en xeral. Distribución das actividades no horario semanal. - Participación das familias. Comunicación do proxecto a desenvolver e petición de colaboración (envío de información e material e participación directa nalgunha actividade concreta). - Interacción co resto do profesorado que incide na aula (profesoras de inglés e relixión, psicomotricidade) para incluír nas súas clases actividades sobre o proxecto. - En caso necesario, adaptárase o proxecto aos alumnos que presenten algunha dificultade, contando coa colaboración do Departamento de Orientación. Procurarase a consecución dos mesmos obxectivos que o grupo- clase sempre e cando sexa posible, variando a temporalización dos mesmos, o tipo de tarefa e o xeito de presentala se fixera falla (metodoloxía) O traballo por proxectos obriga a ir completando a programación de aula ao longo do curso, pola imposibilidade de determinar dende un principio que intereses e temas irán xurdindo e cales decidirá traballar o grupo. Asemade destacaremos que as propostas de traballo quedan abertas ás necesidades da aula, as demandas do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, ás actividades propostas polos equipos de dinamización pedagoxica do centro, e outras datas de especial relevancia na escola.

B) OS RECUNCHOS e ambientes Parte do traballo da aula está organizado en recunchos ou por ambientes . Con esta organización preténdese que o alumnado acade os obxectivos seguintes: - Coñecer os diferentes espazos da aula e todas as posibilidades de actividade e xogo que cada un deles implica. - Manipular e empregar axeitadamente o material do que dispón en cada recuncho, ordenando este como corresponda despois de utilizalo. - Disfrutar de momentos de tranquilidade e doutros de máis acción. - Organizarse cos seus compañeiros/as nos xogos, sen actitudes de sumisión nin dominio, respectando os gustos e as opinións dos demais. Habitualmente funcionarán na aula os cinco recunchos que a continuación se enumeran. Máis, en función do proxecto que se estea a traballar, pódese engadir outro recuncho ou substituírlo por outro máis conveniente. - Recuncho da lóxica-matemática.

- Recuncho das construcións. - Recuncho do xogo simbólico / experiencial - Recuncho de arte. - Recuncho de letras
Cada recuncho terá unha ubicación clara. Tamén contará co seu propio material que non se poderá levar a outras zonas e que haberá que utilizar axeitadamente. Ás veces, utilizaranse libremente, e noutros momentos será segundo propostas suxeridas ou dirixidas pola titora, ou mestres especialistas que impartan a sesión. Cando remate o tempo adicado a esta actividade deberán deixar a zona como a atoparon. Neste curso, cada grupo será numerado do 1 ao 4 (ou 5 se feixera falla). Este grupo manterase estable durante un período axeitado que permita unha socialización oportuna dos membros da mesma. E este mesmo grupo cambiará diariamente de mesa para poder xogar no rincón que lle corresponda. O xogo: Será fundamental ter en conta que os xogos poden servir como instrumento educativo e tamén de observación das peculiaridades de cada alumno e alumna: estilos de aprendizaxe, dificultades, actitude ante os erros, aceptación de regras, interacción cos compañeiros e compañeiras, etc. O xogo simbólico permitirá ao alumnado reproducir e imaxinar esceas ou situacións da vida real. A simulación da realidade posibilitará que o neno ou nena vaia coñecendo, aceptando ou provocando novas maneiras de relacionarse, de enfrentarse aos conflitos e de situarse no contexto social e relacional. Polo anteriormente exposto utilizarase o xogo como recurso motivador e instrumento educativo na práctica diaria, tendo en conta os seguintes aspectos: - Que o alumnado encontre placer nos xogos, independentemente do resultado final obtido. - Que os xogos eviten a discriminación ou menosprezo daquel alumnado que non consegue os obxectivos marcados. - Que sexan indicadores para a mestra das habilidades que teñen que mellorar de maneira individual ou en grupo. - Que posibiliten a participación de todo o alumnado do grupo-clase. - Que o alumnado vexa aos seus compañeiros e compañeiras como iguais e non como contrincantes aos que hai que superar. - Que a finalidade sexa conseguir a suma de achegas individuais para lograr un obxectivo conxunto.

C) O ESPAZO Pese ao elevado número de nenas e nenos e ás reducidas dimensións do espazo do que dispoñemos, na distribución da aula preverase que os alumnado dispoña de lugares que permitan realizar a diversidade de actividades que se levan a cabo, dende as que requiren certa concentración ata as que facilitan o movemento, ademais de actividades conxuntas de todo o grupo, por pequenos grupos ou traballo individual (este curso as actividades de gran grupo veranse limitadas). Teranse en conta as seguintes zonas: - Espazo para a Asamblea (con máscara recomendable aínda que non obrigatorio). Nese espazo faranse as rutinas diarias da aula, presentación do traballo a realizar, lectura de contos, ademais de utilizarse noutros momentos como zona de construcións. - Espazo para o traballo individual, onde estarán situadas as mesas e sillas e onde cada neno contará co seu propio sitio. Esta zona utilizarase tamén para outras actividades y serán parte dalgúns dos recunchos e será o lugar de referencia para o subgrupo de convivencia estable. - Recunchos. Os recunchos estarán divididos en cinco espazos dentro da aula claramente diferenciados. Algúns dos recunchos ocuparán zonas noutros momentos dedicadas a asemblea ou traballo individual (previamente desinfectados). - A PDI. Como espazo pedagóxico para a introducción das TICs, a través de diferentes actividades, que comezarán polas mañás coa posibilidade dunha asemblea con rutinas interactivas e manuais. Poderá utilizarse o patio de recreo para organizar algunhas actividades, así como o bonito espazo natural do centro, cheo de posibilidades pedagóxicas. - Zonas sensoriais - Zona de arte - Recuncho de mesa de luz

D) AGRUPAMENTOS Na aula organizaranse todo tipo de actividades que esixirán según a súa natureza diferentes formas de agrupamento. As fundamentais serán as que se mencionan a continuación. - Gran grupo .Este agrupamento destinarase a planificar e tomar decisións para a aula, presentación de información e material, relato de experiencias, lectura e escoita dalgúns textos, explicacións, rutinas de aula, debates, audicións, bailes e interpretación de cancións, etc. - Equipos de traballo nas mesas. Cada equipo identificarase cun número e cada recuncho cunha cor (rosa, vermello, verde, azul, rosa e laranxa, e lila (proxecto) . -Parellas. Destinarase este agrupamento a actividades que requiran certa concentración, atención e organización e intentará evitarse na medida do posible a intervención do adulto. As parellas poden formarse de forma libre ou imposta e o agrupamento será variable dentro do subgrupo estable. - Actividade individual. Destínase a promover as estratexias de planificación, así como a responsabilidade e a autonomía. E) PLANIFICACIÓN TEMPORAL No momento de facer a planificación temporal, procurárase manter unha rutina de actividades estables, aínda que o suficientemente flexibles para dar cabida ás necesidades e intereses individuais, tendo en conta os seguintes parámetros: - Partir do momento evolutivo dos nenos e nenas do grupo, axustando as tarefas ás súas posibilidades de atención e traballo. - Manter unha secuencia de ritmos e rutinas equilibrada, sobre todo para alumnos con NEAs. - Cubrir as necesidades e intereses do grupo-clase. Reservar un tempo de dedicación aos alumnos/as que precisen maior atención individualizada. - Organizar o tempo de realización das actividades tendo en conta o ritmo do grupo; respectar a alternancia de esforzo, concentración e movemento. - Aproveitar feitos espontáneos que xurdan ao longo da sesión ou da xornada para incorporalos ás actividades do día de consideralo axeitado. - Adecuar as tarefas que se van realizar á distribución espacial e aos recursos de persoal e materiais cos que conta o centro.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, tablet / ipad de aula, proxector, conexión a internet, robots (escornabot, ozobot de mercarse), realidade aumentada e
 Material funxible: convencionais e non convencionais Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area natural ou artificial , fariña sen alérxenos...) Material visual: carteis, bits, láminas...
 Biblioteca de centro, de aula (mercada polas familias ou de empréstito), libros, contos, álbumes...
 Material curricular: Currículum, P.E.... Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres, plantillas, ceras de todo tipo, material de manualidades e arte varidao, lás...
 Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...dentro ou fora da aula .
 Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
 Material de xogo simbólico e elementos para disfrazarse
 Comunidade educativa (Alumnado, persoal docente e non docente, familias) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc)
 Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello, etc)
 Instrumentos musicais.
 Puzzles, ábacos, regretas, material que permita a clasificación, o conteo, tang gram, pentaminos, xogos para traballar conceptos matemáticos, material de construccions, material para traballar trasvases, balanzas, sistemas planetarios moviles ...
 Todos aqueles que se podam obter, doados ou mercados, para promover actividades diversas e diversificadas O correo, ou axenda comunicativa das familias Maletín individual para o libro viaxeiro Libros, contos vídeos para traballar a lingua inglesa
 Fichas elaboradas para a consecución dos obxectivos na lingua inglesa
 Material didactico impreso (de editorial)
 Cadernos de elaboración propia da mestra
 Aqueloutros que a mestra e/ ou grupo docente estimen beneficiosos durante o curso académico.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno
- Lectura dos informes dos alumnos de NEAE

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temperá das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

Esta avaliación inicial levarase a cabo unha vez superado o período de adaptación e o medio mes de outubro, tendo en conta a información obtida durante este período, pero agardarase a que o alumnado se amose adaptado ás rutinas e a realidade da aula pois a semana legal do periodo de adaptación, non se estima dende un punto de vista psocioemocional como suficiente para poder obter o 100 % da informacion dos nenos e nenas...Pasaranse ao Xade durante mes de outubro, pos datos obtidos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Criterios

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polo maestro/a. As principais técnicas e fontes de información do proceso de avaliación serán a observación directa e sistemática, a análise das producións das nenas e nenos e as entrevistas periódicas cos pais ou titores. Procurarase manter como mínimo dúas entrevistas persoais con cada familia ao longo do curso, para intercambiar información.

A observación directa convértese nun instrumento de primeira orde, que permite realizar o seguimento ao longo do proceso educativo, valorando e axustando a intervención educativa en función dos datos obtidos. As entrevistas coas familias, a conversa cos alumnos, as situacións de xogo e as producións dos nenos permitirán recoller de maneira organizada información individual sobre ese proceso, proporcionando datos globais e pautas de actuación con cada alumn. Co fin de poder avaliar de forma axeitada a planificación didáctica, empregaranse, en maior ou menos medida, os seguintes instrumentos de avaliación:

- Avaliación Inicial (para alumnos novos) : Este informe recollerá os datos achegados pola familia na entrevista e as observacións relevantes feitas durante os primeiros días de incorporación ao centro no caso de alumnado de novo ingreso.
- Rexistro de observación: Permitirá facer un seguimento ao longo do curso, tanto de cada alumno en particular como do grupo en xeral. Observaranse pautas de actuación e de relación, estilos de traballo, aspectos que despertan o seu interese, etc. Para facilitar a recollida de datos anotarase diariamente nunha axenda os acontecementos máis destacados da xornada escolar. Tamén contarase cunha folla de rexistro do observado para cada alumna e alumno.
- Avaliación por proxectos de traballo e secuencias didácticas: Permite rexistrar as aprendizaxes alcanzadas polo alumnado en cada proxecto.
- Avaliación trimestral e boletíns trimestrais para a familia: Recollerá todas aquelas aprendizaxes consideradas significativas e básicas que o alumnado debe acadar. Os boletíns elaboraranse de acordo co resto do profesorado do nivel, partindo dos ítems propostos no xade e seleccionando aqueles que se consideren máis significativos.
- Aqueloutros que a mestra, na súa autonomía pedagóxica, crea convinte como mecanismo de rexistro de datos.

Criterios de recuperación:

Ensino en espiral, diario e anual.

De non producirse certo tipo de hitos no periodo que madurativamente corresponde psicomotriz e cognitivamente, será levada a cabo unha petición ao Departamento de orientación en función da gravidade dos fitos non conseguidos en criterios de avaliación chave, como son os de interacción social, desenvolvemento da linguaxe segundo idade, memoria, percepción e atención visual e auditiva, equilibrio emocional , e autonomía (ver factores de risco na introducción). Ver criterios de cualificación de risco: taboa de indicadores, número superior ao 50 % dos ítems trimestrais con dificultade, e alomenos 1/3 dos restantes como "en proceso".

6. Medidas de atención á diversidade

Entendidas como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, se porá especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade , igualdade de oportunidades, e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da linguaxe, razonamento, atención, etc) Adecuaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

-Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, de movemento e curriculares.

-Adecuar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e

ao alumnado con NEAE.

- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de éste alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamento e a atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións curtas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuales como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Diseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH
- Evitar tarefas repetitivas e sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades necesiten facer ese tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades levando a cabo propostas SEM para aquel alumnado que o necesite.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servicios sanitarios, sociais, etc). A atención á diversidade non só vai dirixida ao alumnado que mostra dificultades destacables de aprendizaxe. Todos os alumnos/as presentan diferenzas, xa sexa en estilos de aprendizaxe, en niveis de maduración, en intereses, etc. As medidas adoptadas deben ser unha resposta a todos e cada un dos alumnos e alumnas e teñen que ser respectuosas coas súas características persoais.

Partindo destas premisas, e para cumprir coa atención á diversidade teranse en conta os aspectos seguintes:

Propostas de actividades cos diversos graos de realización (ampliación e reforzo).

Diversidade de actividades para traballar un mesmo contido. Actividades opcionais. Actividades que teñan aplicación na vida cotiá. Diferentes tipos de agrupamentos na resolución das actividades: gran grupo, pequeno grupo, parellas e individual. Propostas que favorezan a expresión directa, a reflexión e a comunicación. Contidos de aprendizaxe tratados de forma globalizada. Propostas de avaliación inicial ante un novo proceso de ensino-aprendizaxe. Utilización de procedementos e instrumentos de avaliación variados e diversos (cuestionarios, entrevistas, observación sistemática, probas obxectivas).

E. Repetto define a orientación como el proceso de ayuda a un sujeto para que llegue al suficiente conocimiento de sí mismo y del mundo entorno, que le haga capaz de resolver los problemas de la vida. A titoría, asemade, vincúlase a dita acción orientadora que un docente realiza cun grupo de alumnos e alumnas, de tal xeito que o docente titor se encarga do desenvolvemento, maduración, orientación e aprendizaxe dun grupo de alumnos a el encomendado; coñece e ten en conta o medio escolar, familiar e ambiental, e procura potenciar o seu desenvolvemento integral (Ortega, 1991). Isto significa, que a función titorial debe ter como características:

1. A continuidade dende as primeiras idades, de tal xeito que se deseño unha ensinanza preventiva de cara as dificultades na aprendizaxe.
2. A atención individualizada, segundo as necesidades persoais e cognitivas do neno/a.
3. A capacitación para a autoorientación, desenvolvendo unha capacidade e actitude práctica na toma de decisións.
4. A atención dirixida a tódolos alumnos e alumnas e en tódolos niveis educativos
5. A Atención progresiva nos momentos madurativos e educativos máis trascendentais do alumnado.
6. A coordinación entre as distintas persoas e institucións que interveñen no proceso de ensino aprendizaxe.
7. A adaptación necesaria aos diferentes axentes implicados.
8. A priorización e adaptación ás necesidades e contextos concretos.
9. A acción titorial debe quedar integrada no exercicio da función docente, sendo a responsabilidade e a coordinación compartida dende o PEC e no traballo do equipo docente responsable de cada neno.

É por todo isto, que a titoría debe ser:

1. Personalizada: edúcase á persoa para o desenrolo dunha personalidade única e irrepetible.
2. Individualizada: edúcase a persoas concretas, con características individuais que, se deben respetar, aproveitar e enriquecer.
3. Integradora: edúcase á persoa completa, integrando ás necesidades educativas dos alumnos mediante as oportunas adaptacións do curriculum, a metodoloxía e o propio acceso ao curriculum, en contra a parcelación dos coñecementos, os cales se materializan de xeito funcional e global a través das oito competencias básicas.
4. Integrada: no curriculum

5. Diversificada: edúcase axustando o ensino ás necesidades educativas dos alumnos mediante as oportunas adaptacións curriculares, metodolóxicas e de acceso, adecuando a escola ao alumno e ás súas aptitudes, intereses e motivacións diferenciadas.

Os principios psicopedagóxicos que a sosteñen a acción orientativa, e polo tanto titorial, segundo Álvarez Rojo son:

- O principio antropolóxico
- O principio de prevención primaria
- O principio de desenvolvemento
- O principio de intervención social

UNHA ACCIÓN EDUCATIVA IMPLICA:

1. A PERSONALIZACIÓN DA EDUCACIÓN

2. DAR OPORTUNIDADES METODOLÓXICAS E CURRICULARES CO OBOXECTIVO DE AXUDAR AOS ALUMNOS CON NEAEs

3. DAR A OPORTUNIDADE DE OFRECER APRENDIZAXE FUNCIONAL 4. FAVORECER O A DESENVOLVEMENTO DA IDENTIDADE E O SISTEMA SOCIAL DE VALORES 5. PREVER DIFICULTADES DE APRENDIZAXE, GUIAR NO CAMIÑO ESCOLAR PARA EVITAR DESAXUSTES E FRACASOS 6. DAR ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE E ESTUDO DENDE IDADE TEMPRÁ 7. CONTRIBUIR Á RELACIÓN ENTRE O CENTRO ESCOLAR E A COMUNIDADE. ISTO CONTRIBUIRÁ Á VIDA COLECTIVA, SABENDO RESOLVER PROBLEMAS, TOMAR DECISIONS E EXPRESAR EMOCIONS.

Principios psicopedagóxicos desta Programación son no que á atención á diversidade se refire son:

1. Aplicación do principio de Atención TEMPERÁ Tanto nos casos diagnosticados, como nos que se puideran atopar ao longo da presente etapa educativa, a mestra concibe que diagnosticar a través dos múltiples instrumentos de avaliación as posibles necesidades transitorias, puntuais e as permanentes dende unha curta idade, garante non só facilidade de individualizar tarefas, senon atallar o antes posible as necesidades educativas da aula e actuar de xeito colexiado todos os mestres con acción directa no grupo clase con aqueles alumnos que amosen maior dificultade para seguir os obxectivos educativos. Unha Atención temperá garante que moitos dos contidos non se arrastren e se multipliquen co paso do tempo, xerando así no alumno/a una situación de frustración e desamparo. Dende a súa concepción, a entrada do mestre de P.T. ou A.L. dentro da aula preferentemente no caso de alumnos con NEAE, garantiría unha toma de contacto inicial co seu sistema de comunicación e aprendizaxe non so coa súa titora (pictogramas ou outras medidas pedagoxicas), senon coa especialista que mellor coñece a correcta pedagogía e acción educativa das NEAEs, sendo este mestre o interlocutor directo na aula e a canle máis directa co xefe do D. O., para transmitir semanalmente os avances dos alumnos con NEAE. Observación sistemática sobre a capacidade de visión dos nenos (establecemento cando sexa oportuno tests na PDI de detección de ollos vagos). Estimulación prematura da linguaxe (PELO), para evitar rotacismos, dislalias, seguindo pautas da especialista de Al.

No caso de non poder ter por parte dela Obradoiros de Estimulación da Linguaxe Probas de audición Estimulación sensorial Estimulación motriz (fina/ grossa)

2. Aplicación do principio de Normalización Tratarase na medida do posible, das necesidades xerais de aula e moi en particular cos nenos con NEAEs, que estes últimos teñan unha escolaridade o máis parecida a un neno sen dificultades, de tal xeito que, é a escola quen se adapta na medida dos seus recursos e tempos ao neno/a, e será o centro quen promova a súa autonomía, a súa relación cos seus iguais, que os seus iguais teñan a posibilidade de entender sobre as necesidades de compañeiros e que iso supoña facer deles futuros cidadáns comprensibles e colaboradores, evitando dende curta idade as etiquetas.

3. Aplicación do principio de inclusión (máis que de integración). Seguindo a conferencia da UNESCO de 1995, contén os seguintes subprincipios: ¿ Non discriminación no contexto normalizado, é dicir, non segregador. Ofrecer as mellores condicións e oportunidades (o cal implica que se asignen dotacións de materiais e recursos humanos para atender aos alumnos que o necesiten). Involucrar a todos nas mesmas actividades.

4. Principio de prevención Trátase de que, sabendo cales adoitan ser as áreas de maior dificultade, levar a cabo accións pedagóxicas que nos axuden a minimizar, evitar ou prolongar no tempo a aparición de necesidade educativas.

B. Medidas de detección

1. Observación sistemática na aula e outros contextos de interese: rexistro sistemático en libretas titoriais

2. Desenvolvemento en cada un dos ítems propostos de xeito trimestral

3. Nivel de desenvolvemento cognoscitivo

4. Nivel de desenvolvemento social

5. Nivel de desenvolvemento lingüístico

6. Nivel de desenvolvemento motriz

7. Capacidade de recepción de estímulos sensoriais

8. Capacidade de creación/ inventiva / xogo

9. Capacidade de progreso nos procesos psicolóxicos básicos: MEMORIA (LARGO PRAZO/CURTO PRAZO), ATENCIÓN, PERCEPCIÓN, EMOCIÓN,

10. Estilos de aprendizaxe predominantes

11. Titorías cos pais / titores legais

12. Sesións de avaliación

13. Consulta ao xefe do D.O. e outros especialistas externos: pediatras, neurólogos, foniatras todos aqueles que entendan do campo no que detectemos alguna problemática.

Mecanismos de actuación

C.1. Fase de emisión de informe titorial

- Dende a titoría, no momento que se detecten dificultades, a mestra informará primeiro de xeito verbal á orientadora e convocará en cita titorial á familia do alumno/a. Dende ese preciso instante, levarase a cabo o protocolo burocrático que esté en vigor nese momento, facendo xa a solicitude formal ao Departamento para a avaliación psicopedagóxica. - A mestra entregará ao xefe do D.O. o consentimento dos pais para iniciar as probas diagnósticas do seu fillo.

C.2. Fase de recepción de datos do D.O.

- A mestra esperará aos resultados e informará á familia do proceso - A mestra convocará en privado ou en reunión conxunta (segundo necesidade/ conveniencia) aos pais e/ ou a todos aqueles especialistas que se van poñer a traballar co alumno/a con NEAEs. - A mestra entregará de ser necesario as probas/ informes que proveñan de Servizos Externos ao D.O. - A mestra, segundo os novos protocolos, non poderá emitir informe titorial cara os servizos externos, inclusive aqueles que dependan da Xunta de Galicia. Serán emitidos dende DO, co cal a titora poderá colaborar ofrecendo a maior información posible.

C.3. Fase de atención á diversidade.

- Elaboración titorial dunha proposta pedagóxica, co asesoramento do xefe do D.O. e dos especialistas de pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe para diseñar a estratexia de atención educativa - Avaliación do proceso e rectificación temporal dos obxectivos, procedementos, etc. propostos no caso de que a acción pedagóxica, polo que sexa, non funcionase. - Avaliación final do alumno, da intervención educativa e dos recursos. - Novo rexistro titorial no XADE, nos espazos que para iso son habilitados. - Titorías coas familias (duas ao trimestre de ser posible) para diseñar as estratexias que se puideran traballar na casa e para manter informados dos procesos educativos dos seus fillos, así como os procedementos de promoción, e de asesoría sobre o mundo educativo nas NEAEs, xa que soen estar moi desorientados e preocupados ao principio. No caso de contar con alumnado con certas necesidades que impliquen unha estruturación,

Aplicaremos as actividades anteriores e individualizaremos o seu traballo engadindo á rutina de clase para todos OS PICTOGRAMAS para mellorar a anticipación de sucesos e tarefas.

1. MESA ESPECÍFICA DE TRABAJO E CONCENTRACIÓN se fixera falla, aplicando TEECH

2. PICTOGRAMAS SEPARADOS POR CATEGORÍAS, DE SER PRECISO

3. PANEL DE RUTINAS SEMANAIS A MODO DE AXENDA

4. AXENDA COMUNICATIVA

5. PANEL DE ORDES XERAL_ PROGRAMADOR DE ACTIVIDADES DE TITOR E ESPECIALISTAS (o ideal sería contar cunha tablet ou ipad que permitia ter axendas dixitais e Apps de comunicación máis rápida a visual).

6. Conseguir a través do DO os comunicadores tecnolóxicos para promover un avance na comunicación, sobre todo cando non existe de xeito oral.

7. ACTIVIDADES QUE SE ELABORARÁN DURANTE O CURSO ONDE SE TRABALLE SOBRE TODO: - INCLUSIÓN SOCIAL COS IGUAIS E AUTONOMÍA. CAPACIDADE DE PEDIR AXUDA AO ENTORNO DE SEGURIDADE - TRABALLO SOBRE A LINGUAXE E NA TEORÍA DO PENSAMENTO. - MEMORIA VISUAL - FOCALIZACIÓN DA MIRADA - ATENCIÓN. MELLORA DE PERCEPCIÓN AUDITIVA SOSTIDA - MELLORA DE TEMPO DE TRABALLO - MOTRICIDADE GROSA E FINA, E PERCEPCIÓN OCULO MANUAL 7. ADAPTACION METODOLÓXICA, DE SER PRECISO NA SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS OBXECTIVOS OU CONTIDOS, E NA PROPOSTA DE TAREFA. 8. AUTOXESTIÓN DAS EMOCIÓN Teremos en conta todos os protocolos vencellados ás dificultades de aprendizaxe, así como aquelas derivadas da área sanitaria e a súa repercusión no desenvolvemento da aula e a aprendizaxe.

Factores de Risco en 3 anos:

Síntomas de alerta para 3 anos.

Non pode lanzar unha pelota por encima do ombreiro Non pode saltar nun lugar Non pode montar un triciclo Non pode soste un crayón entre o polgar e os demais dedos Ten dificultade para debuxar garabatos Non pode amontoar catro bloques Aínda se aferra aos seus pais ou chora cada vez que o deixan Non mostra interese en xogos interactivos Ignora aos demais nenos Non responde as persoas fóra da familia Non participa en xogos de fantasía Se rehúsa a vestirse, durmirse, usar o inodoro Ponse insolente sen que poida controlarse cando está anoxado ou molesto Non pode copiar un círculo Non usa oracións de máis de tres palabras Non usa "eu" nin "ti" de forma apropiada. Non apareceu linguaxe básico para comunicar pensamentos, desexos, necesidades fisiolóxicas ou emocionais. Non hai xogo. Non hai contacto ocular nin paralinguaxe. Hai torpeza motriz e/ou movementos estranos (aleteos, camiñar arrastrado, de puntillas, torpeza, arrollar coas cousas / persoas...). Hai estereotipias. Hai hipersensibilidades. Aparecen ecolalias e/ou berridos. Hai unha cinestesia por riba ou hai unha ausencia de movemento do que precisa aun neno/nena da súa idade. Os procesos psicolóxicos básicos ou algun deles semellan estar afectados. Non hai escoita activa. Non hai boa percepción visual. Hai ausencia de percepción do risco. Hai escapismo. Existe un

grave perxuízo no benestar, seguridade e desenvolvemento na aula e do resto dos compañeiros. Ausencia de autonomía. Desadaptación social. Falta de hixiene. Falta de hábitos. Absentismo escolar. Frustración. Ira. Agresividade cara si mesmo/ cara os demais. Desánimo. Tristura. Pensamento ausente.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - DESENVOLVEMENTO AFECTIVO E XESTIÓN EMOCIONAL	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - HÁBITOS DE CONTROL	X	X	X			X	X	X
ET.3 - PAUTAS ELEMENTAIS DE CONVIVENCIA	X	X	X			X		
ET.4 - COIDADADO DA CONTORNA E DOS SERES VIVOS			X	X	X	X	X	X
ET.5 - EDUCACIÓN IGUALITARIA E LIBRE DE ESTEREOTIPOS	X	X	X			X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - DESENVOLVEMENTO AFECTIVO E XESTIÓN EMOCIONAL	X	X	X	X
ET.2 - HÁBITOS DE CONTROL	X			
ET.3 - PAUTAS ELEMENTAIS DE CONVIVENCIA		X	X	X
ET.4 - COIDADADO DA CONTORNA E DOS SERES VIVOS	X	X	X	X
ET.5 - EDUCACIÓN IGUALITARIA E LIBRE DE ESTEREOTIPOS	X			

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de persoas expertas	En cada unidade invitaremos a unha persoa familiar/ coñecido das familias do alumnado/ mestrado para que veña a contar un conto relacionado coa materia que estamos a traballar.	X	X	X
Contacontos.	Dentro ou fora do colexio. De balde ou de pequeno custo para as familias	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída ao campo ou á contorna próxima	Actividade lúdica para descubrir a contorna, sen custo ou custo limitado. En cada unidade realizaremos unha saída para afondar no traballo na aula.	X	X	X
Visitas a museos e patrimonio da nosa cidade	Sen custo, ou custo limitado. Necesario para crear un roteiro na escolaridade para que certas visitas sexan de obrigado coñecemento entre a Etapa de Infantil e primaria.	X	X	X
Obradoiros propostos polas familias en horario lectivo solidarios	Menos frecuente, e con moita organización e calidade pedagóxica e de vivencia persoal	X	X	X
Actividades relacionadas a festividade de obrigado cumprimento e/ou de relevancia social	Con fins solidarios, de aprendizaxe, convivencia, as familias poden contribuir tranedo ao centro libros, roupas, xoguetes, comida....	X	X	X
Conmemoracións de festas culturais, estacionais, folklóricas, de final de curso, e aquelas outras que sexan acordadas polo Claustro	Como mecanismo de entender, coñecer e preservar	X	X	X
Visitar as aulas de Primaria	apadriñamentos de diferentes actividades para favorecer a convivencia e a aprendizaxe vicaria	X	X	X
Actividades relacionadas a festividade de obrigado cumprimento e/ou de relevancia social	Para coñecer as loitas sociais para un mundo solidario, igual e en paz.	X	X	X
Proxectos medioambientais ou de patrimonio material ou inmaterial	Para promover un mundo máis sostible e abrir conciencia	X	X	X
Visitas a museos e patrimonio doutras cidades da provincia	Coñecementos específicos das áreas	X	X	X
Servizos de relevancia social, dentro ou fora do cole: de seguridade, de sanidade, de alimentación, de transporte, de medios de comunicación, de artes....	Coñecementos das labores dos axentes máis cercanos	X	X	X
Saídas pedagóxicas a granxas - escola	Menos frecuentes, polo custo da actividade e do transporte	X	X	X
Concertos didácticos musicais, obras de arte, cinema, danzas...artes escénicas e musicais en xeral	Para fomentar a creatividade, a atención sostida, a cultura artística...	X	X	X

Observacións:

Aqueloutras que a titorora e/ou grupo docente consideren de necesidade pedagóxica e óptimas para o desenvolvemento holístico do alumnado.

Primará neste curso a valoración da mestra - titora respecto do grupo- clase (que contarán con 2-3-4 anos de idade) da idoneidade de facer devanditas saídas en función da maduración xeral do grupo- clase

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

comprobando se a secuenciación e a temporalización foron axeitadas
Metodoloxía empregada
se os recursos empregados foron os suficientes para crear aprendizaxe
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
os espazos de práctica pedagoxica foron axeitados e dedicóuselle tempo a propostas máis elaboradas
Medidas de atención á diversidade
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Clima de traballo na aula
solidario, igual, motivante, de emocións positivas, atmósfera de traballo que permite aprendizaxe (observación, calma, movemento..)
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
números de sesións convocadas ao ano e actividades en comúns feitas. Opinións non moi dispares nas xuntas de avaliación

Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando modificacións e melloras.

Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades.

Utilízase diversidade de materiais para accederá información, para expresarse e para fomentar a motivación.

Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.

Temporalización de actividades adecuada.

Empréganse diversos recursos didácticos.

Promóvese a participación das familias.

Promóvese un horario de coordinación do grupo docente ou canles de traballo conxunto

A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.

Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas. Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

9. Outros apartados